

Petrocalipse é un concepto do científico Antonio Turiel (CSIC) a propósito do horizonte ecolóxico que definirá as próximas décadas, marcado polo cambio climático e polo esgotamento dos combustibles fósiles. Porque volver sobre o afundimento do Prestige hoxe é facelo coa conciencia das ameazas climáticas agravadas nestes últimos vinte anos, como o quecemento global e a destrución dos ecosistemas terrestres e marítimos. Sabemos como quitar o piche coas mans, pero ante a desaparición dos glaciares ou da selva amazónica, aquela marea negra cobra outra perspectiva. Que significa hoxe a loita contra as verteduras dun petróleo que se esgota, nun mundo que aquece, marcado pola guerra global e a extracción desmedida de recursos?

# PETROCALIPSE: A ECOLOXÍA CONTRA A GUERRA GLOBAL

No ano de 1993 xorde unha «imaxe da catástrofe petroleira», como parte da cobertura informativa ante a primeira Guerra do Golfo, nun contexto de expansión imperialista, tras o final da Guerra Fría. Como denunciara Baudrillard, as imaxes dos corvos mariños petroleados nas verteduras do Exxon Valdez en Alaska en 1989 foron usadas polos seus responsables como proba de cargo contra Saddam Hussein só dous anos máis tarde. Eran anos de «posmodernidade» e de articulación irónica da relación entre arte, documento e realidade. Dez anos despois, a situación mudou completamente. No 2002, a conexión entre xeopolítica e ecoloxía foi central nas protestas do Prestige, nun contexto marcado pola Segunda Guerra do Golfo, polos intercambios globais de sangue por petróleo. Daquela, apoiada nun emerxente uso das novas tecnoloxías e das redes, da guerrilla gráfica, da imaxe viral, do *detournement* e da parodia, un novo tipo

de acción artística atopou o seu camiño, ao servizo da contra-información. Fronte á mentira da comunicación política, a verdade da intervención artística.

Desde entón, as emerxencias climáticas catastróficas proliferan no Sur global. E mentres os combustibles fósiles van camiño de esgotarse, continúan as mareas negras. A memoria do Prestige hoxe técese con outras experiencias de crise no Perú, na Plata, no Ecuador, en Puerto Rico, ou no Mid-West. Crises diferentes, con denominadores comúns: débeda, precariedade, colapso do estado, desinformación, intereses privados, extractivismo e abandono da cidadanía. Crises todas mediadas tamén pola catástrofe ecolóxica e a falta de soberanía enerxética. Ante elas, a resposta das artes cidadás será semellante: afirmación da interdependencia, da cooperación, documentación da verdade e articulación do traballo colectivo.

Neste sentido chama a atención a ausencia de películas que narren a epopea popular dos voluntarios e veciños que limparon as costas galegas do piche, proeza de auto-organización cuxo custo económico non tería sido asumible nunha economía de mercado. Porque as lóxicas do Nunca Máis foron as propias dunha economía veciñal baseada no intercambio e o don. Fronte esta historia épica, a industria do entretemento fai proliferar fábulas terminais de monstros submarinos, plataformas petrolíferas abandonadas e colapsos planetarios. Así, aínda hoxe, fronte á propaganda da ficción apocalíptica, as artes gráficas populares, o cine independente e a cultura comprometida son máis necesarias ca nunca. Precisamos dun imaxinario da solidariedade e da vida que prosegue.



## O PETRÓLEO E O SANGUE: COMUNICACIÓN E CONTAMINACIÓN NA GUERRA CONTRA O TERROR

A confluencia dos movementos ecoloxista e pacifista artellou un corpo de accións significativo, mediante lemas como «Non máis sangue por petróleo», no que o fuel espallado polas costas galegas remitía as vítimas da nova guerra do Golfo. O impacto da catástrofe do Prestige tivo como consecuencia unha aprendizaxe na mentira como estratexia de comunicación política. Fronte ó que sucedera na guerra de Kuwait, onde a imaxe da devastación ecolóxica fora instrumentalizada ao servizo dos intereses bélicos, no caso do Nunca Máis o desastre ambiental convertérase nunha mostra directa dos efectos desa mesma guerra que cumpría rexeitar.

### A GUERRILLA GRÁFICA DIXITAL E A SEGUNDA GUERRA DE IRAQ

Mediante correos, foros e páxinas como [www.miniaturegigantic.com](http://www.miniaturegigantic.com), [www.proteststposters.org](http://www.proteststposters.org), e [www.designation.com](http://www.designation.com), organizouse un poderoso movemento de rexeitamento contra a campaña da guerra de Iraq mediante unha gráfica política vibrante e novidosa. Neste empeño global participaron artistas e activistas do estado español, e así foi recollido en compilacións como *Carteles contra una guerra*. *Signos por la Paz*. Como xa fixera o movemento altermundialista, as novas tecnoloxías de comunicación e o deseño dixital ofrecían unha resposta disruptiva fronte á capacidade de propaganda dos medios de comunicación. A acción difusa de milleiros de persoas anónimas rompeu co monopolio comunicativo corporativo desvelando as tramas de intereses ás que este servía. A gráfica política do Nunca Máis non é allea a este movemento, que adapta ás súas necesidades propias na loita contra o fuel.



Cartaz fotografado no Bar Castelo, Rianxo, en marzo de 2009. Arquivo Vivo UGBN.



Cartaz producido polo movemento Nunca Máis, 2003. Arquivo Vivo UGBN.

### ADUANEIROS SEM FRONTEIRAS (ADS)


Nacido en 2003 ao abeiro das protestas, Aduaneiros Sem Fronteiras (ADS) foi un proxecto gráfico galego de crítica cultural e política baseado no humor, impulsado polo deseñador Pancho Lapeña e polo programador Berto Yáñez. Publicando baixo unha licenza de Creative Commons nun formato blog, ADS recibiu numerosas colaboracións orixinais. Influído polas nocións de guerrilla gráfica propias da arte política dixital de comezos de século, ADS traballaba a través da inflexión irónica de iconas culturais, desde unha sorte de situacionismo folclórico que, co tempo, está na base de novas formas do deseño comercial identitario «con retranca». Moitos dos seus achados seguiron circulando grazas á memoria dos internautas.

### A PINTURA DE INTERVENCIÓN DAS REDES ESCARLATA

As Redes Escarlata foron moi activas nas súas análises e accións contra o Prestige e a guerra do Golfo, en numerosas publicacións e actos. Como parte do colectivo, os irmáns Xan e Xosé Luis de Dios elaboraron unha serie de pinturas murais de grandes proporcións, empregadas nas protestas, a modo de pancartas pictóricas. Os seus motivos aludían á guerra da cidadanía contra o piche, ás tarefas de limpeza e ás mobilizacións, así como ás vítimas da invasión de Iraq, producindo rechamantes dispositivos grazas á inflexión política de imaxes roubadas aos medios de comunicación. Era un modo de traer corpos e fantasmas ás rúas. A meirande parte deses lenzos arderon nunha cacharela de San Xoán, concluído o seu traballo.

*Desde o Polycosmopolitan ata o Mar Exeo, ata o Prestige, sempre Galicia, sempre o mar. Unha terra abandonada á toxicidade do capitalismo internacional. O sistema capitalista é tóxico e a súa legalidade unha sucesión de coartadas e farrapos mal cosidos. E Galicia, estes días, o deserto do real. Cómpre pensar cos pés fincados na lama negra e pegañenta. O abandono das colonias á súa sorte, o seu destino necesariamente envelenado polo desleixo e a ausencia de tecnoloxía, que sempre está noutro lugar, non se compón apenas de substancias químicas. Importa moito manternos intoxicados tamén informativamente.*

As Redes Escarlata ante o atentado do Prestige, novembro 2002.



Pancarta de protesta do colectivo Redes Escarlata, 2003. Pintura de Xan Carlos e Xosé Luis de Dios.



Manifestación en Santiago portando as pancartas do colectivo das Redes Escarlata, 2003. Arquivo Vivo Unha Gran Burla Negra.



A Baralla do Prestige nas protestas cidadás, 2003. Foto xxx

### A BARALLA DO PRESTIGE

Unha ferramenta da propaganda norteamericana durante a invasión do Iraq fora un mazo de cartas, as *Personality Identification Playing Cards*. O xogo presentaba 52 responsables do goberno iraquí ante os medios e serviu para ilustrar unha verdadeira cacería humana. O colectivo de artistas e activistas da Plataforma Contra A Burla Negra producira en resposta unha Baralla do Prestige, como inflexión paródica das cartas ianquis, sinalando os responsables do sistema político, militar e empresarial detrás do accidente do Prestige. A súa proposta financiada microcolectivamente –nun tempo no que non había *crowdfunding*– reescribía en clave sarcástica os naipes de Fournier, acompañando os seus distintos paus con diversas formas de chapapote. Tomando por base estas figuras, imprimíranse grandes paneis de cartón, convertidos en estandartes polos membros do colectivo en manifestacións e protestas.

## PETROCALIPSE NOW? IMAXINARIOS PARA A FIN DO CAPITALISMO FÓSIL

No terreo da ficción cinematográfica os desastres petroleros deron lugar a poderosas fábulas de supervivencia en entornos extremas, onde heroes solitarios sobreviven alén dos seus ecosistemas. As plataformas e buques petrolíferos convertéronse nestes vinte anos en lugares estratéxicos desde os que imaxinar o fin do mundo: imaxinada a través de monstros antigos, zombies ou eventos climáticos, a masa do vertido do petróleo ameaza con destruír a civilización tecnocapitalista. Pero nestas ficcións case nunca acontece o que na realidade pasa: que a xente é capaz de auto-organizarse para salvar o seu medio, que o compromiso colectivo coa ecoloxía é a nosa mellor garantía de vida en común máis aló da fin das enerxías fósiles. Fronte ás promesas desmoralizadoras das megaproducións, é necesario acudir ás curtas afeccionadas para ver o espectáculo da cooperación e da axuda mutua. Durante o movemento Nunca Máis, proliferaron os cartaces paródicos: *Chapa-Potter*, *Salvar ao soldado Fraga* ou *O Señor dos Hillillos* aprendéronnos a non tomar demasiado en serio o sentido e impacto das narrativas hexemónicas.

## UN NUNCA MÁIS CONTADO POLAS FILLAS DE MANFRED

MARÍA BELLA, EXPOSICIÓN E PROXECTO, 2019

En xuño de 2019, Lucía, Teresa, Eugenia e Rosalía –as que din ser fillas do Man– enviaron ao Museo de Man en Camelle (Camariñas, A Coruña) catro caixas cheas de documentación xerada a partir das súas investigacións ao redor do afundimento do Prestige. Con elas unha folla de instrucións para mostrar eses materiais na sala temporal do museo. As fillas de Manfred, establecían relacións, semellanzas e variables entre os ecos dos acontecementos da Galicia do Prestige e os ecos doutros acontecementos pasados e presentes. Hoxe propoñennos facer memoria, celebrar e actualizar as forzas de empoderamento colectivo que no 2002 nos atravesaron. Lembralas, apuntan, podería sernos útil para imaxinar futuros desexables en tempos de crise planetaria.



Exposición 'Un Nunca Máis contado polas fillas de Man', 2019, Museo Manfred de Camelle.

## UN SABER SOSTIDO

Un último bloque de materiais deste módulo ábrese sobre as capacidades que todo o mundo ten de facer cousas, os outros saberes que están na base da sociedade, e que, aínda que non necesariamente constitúan a estrutura do traballo salarial, deles depende o coidado e reprodución das vidas. Eses saberes activáronse de xeito desbordante ante a ameaza do *Nunca Máis*. Veñen de atrás, do mundo labrego e mariñán, da curiosidade dos nenos, da paciencia das nais, da experiencia dos artesáns. Serán fundamentais para reconstruír un mundo bo despois do esgotamento dos combustibles fósiles.

## UNHA GRAN BURLA NEGRA

SARA PÉREZ & DIEGO VITES, GALICIA, 2018, 25'

Caneca Filme activa un material atopado nunha das tantas «caixas negras» da memoria do Nunca Máis, neste caso custodiada pola Asociación Cultural e Deportiva Dorna da Illa de Arousa, grazas a colaboración de Dani Perilluco e Nano Besada. Son as imaxes dunha comunidade mariñá autoorganizándose, modificando os contenedores de lixo, construíndo as barreiras, preparando os barrís coa eficacia dun exército disposto a parar a chegada do petróleo ás súas rías. Sobre esa metraje fan outras voces, as do mundo da cultura, recordando aquelas mesmas xornadas de creatividade e activismo. Falan do seu o peche na Casa da Cultura de Laxe, da aprendizaxe da contra-información e da protesta. A cinta traballa sobre a necesidade de xuntar eses saberes e esas memorias. Sobre a imposibilidade de facer habitar nun mesmo tempo e espazo uns corpos e unhas voces. Sobre as sempre complexas relacións entre o traballo da cultura e a cultura do traballo.



Imaxes do documental 'Unha Gran Burla Negra', 2018.

## UN ABECEDARIO DO PRESTIGE

JAVI ÁLVAREZ, GALICIA, 2002

Como nun glosario cultural, a peza xunta fíos de experiencia encarnados en voces. Vidas como palabras dun dicionario colectivo. Presenta aos membros dunha comunidade familiar, coa súa longa experiencia no pasado século, cos seus saberes antigos, coa intelixencia da lingua. Falan da emigración, do desenvolvemento capitalista, da transformación do rural, das dores e dificultades dunha historia feita corpo, e finalmente resolta. Pero unha catástrofe vén mudar a sensación de «ter chegado onde tiñamos que chegar». Hai unha pasta densa nas costas que reabre unha historia que nunca terá final. Outras voces falan da morte do mar. Hai os berros nas rías. As manifestacións. Unha serie longa de xentes pasando que reclaman un sitio.

## DESEÑO SEN DESEÑO: A CAIXA DE FERRAMENTAS DO NUNCA MÁIS

Tamén queremos atender á relación complexa entre función e forma que se dá nas artes populares, das que a estética contemporánea nos estraña, para analizar a creatividade desbordante que veciños, asociacións, voluntarios e redes de activistas puxeron a funcionar para coordinar as complexas tarefas de limpeza. Mans de redeiras coseron barreiras anti-piche, e aparellos de pesca foron modificados en tempo récord para ir ao encontro do fuel. Convocadas á asemblea das formas desta exposición, estes obxectos teñen unha historia que nos contar.

*Inmediatamente chegaron voluntarios procedentes dos máis diferentes lugares, que coas mans e con instrumentos propios doutros traballos, comezaron con entusiasmo unha tarefa sobre a que non había tratados. Así os obxectos enzoofados de chapapote adquiriron unha nova vida á vez que se convertían nun símbolo da situación que se estaba a vivir. Un traballo desesperante, no que como Sísifo se ven obrigados a limpar novamente as mesmas praias e coidos que deixaran limpas na marea anterior.*

Manuel Sendón,  
*Cuspindo a Barlovento*, 2003



Manuel Sendón, *Cuspindo a Barlovento*. Fotografías.